

Festival Transart, Klangspuren Schwaz, a Ópera Graz, Congreso Internacional de Saxofón (2012, Edimburgo) ou no Butoh Festival (Dublín), entre outros. En 2014 presentarán as súas novas composicións nun monográfico da Radiokulturhaus de Vienna.

Martín Herraiz. Brasil, 1980

Compositor esencialmente autodidacta, as súas obras foron interpretadas en varias cidades de Brasil, así como nos Estados Unidos, Arxentina, Holanda, Inglaterra, Suecia, Alemaña e Panamá. Foi gañador do premio Funarte de Composición Clásica (2012) e finalista nas dúas edicións da NE/BAM Brazilian Composers' Competition (Holanda, 2009 e 2011), entre outros. Coproduciu en 2008 o CD *Ressonâncias*, con obras de 10 compositores brasileiros vivos, incluíndo o seu cuarteto *Misantrópicos I*. En 2010 organizou, en conexión coa International Computer Music Conference (ICMC, Nova York) a primeira presentación brasileira do festival intercontinental *60x60*, incluíndo a súa miniatura acústica *migraine impromptu*. Nese mesmo ano, escribiu, produciu e dirixiu a súa primeira peza de teatro musical, *Um escarro na manhã*, encargada por Ibrasotope en São Paulo. Traballa desde 2012 como asesor musical para a programación de música erudita na TV Cultura (São Paulo). É licenciado en Deseño Gráfico e Maestro en Música pola Universidade Estadual Paulista (UNESP), coa tese de mestrado *O Estranho Perfeito: A Música Orquestral de Frank Zappa*.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Joaquín Meijide *clarinete baixo* / Pablo Coello *fruta de pico e saxofóns* / Iago Ríos *trombón* / Carlos Méndez *contrabaixo* / Rubén Barros *guitarra* / Diego Ventoso *percusión*

TRASPEDIANTE DANZA

Begoña Cuquejo

ILUMINACIÓN

Iago:monroi

O próximo concerto do ciclo, titulado *Sublime e ambiguo*, terá lugar o martes 8 de outubro de 2013 con obras de Santiago Díez Fischer, Hugo Morales, Alireza Farhang, Bernardo Barros e Charles-Antoine Fréchette.



SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS

Rúa Ramón del Valle Inclán s/n, 15704 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 623 / cgac.actividades@xunta.es / www.cgac.org



XUNTA
DE GALICIA

galicia

2013

ANIVERSARIO CGAC



www.vertixesonora.net



MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea. Martes, 17 setembro 2013

E T C É T E R A VERTIXE SONORA ENSEMBLE trasPediante DANZA

Marina Poleukhina *and add to the neon elk a pinch of tarragon** (2012)

fruta de pico, guitarra, bailarina e luz de neon

Zesses Seglias *Let the music go down*** (2013)

clarinete baixo, saxofón baixo, trombón baixo, contrabaixo e percusión

Hannes Kerschbaumer *pedra.debris*** (2013)

saxofón baixo, contrabaixo e percusión

Martín Herraiz *Bajo el suelo*** (2013)

clarinete baixo, saxofón barítono, trombón e contrabaixo

Ricardo Basbaum considérase un "artista-etc.", exactamente na medida en que este "etc." define unha postura que pretende transcender os modos de actuación convencionalmente asumidos polo artista.

Vertixe Sonora propúxolles a catro compositores "participar de una experiencia artística" mediante a creación dunha nova obra a partir dun *obxecto* sonoro/acústico definido: un espectro de frecuencias graves determinadas por un cadro instrumental de grandes instrumentos como o clarinete e saxofón baixos, o trombón (tenor ou baixo), o contrabaixo e un set de percusión dominado polos graves. Cada un dos compositores foi *libre* de alterar ou redefinir este orgánico segundo os seus propios criterios e adaptalo ás súas linguaxes persoais, conferíndolle diferentes sentidos a un mesmo modelo de materia sonora.

A interacción con este obxecto (sonoro/acústico) deu lugar a tres novas composicións: *Let the music go down*, *pedra.debris* e *Bajo el suelo*. Un sentido matérico nos casos de Zesse Seglias e Hannes Kerschbaumer e metafórico no de Martín Herraiz. A compositora rusa Marina Poleukhina optou por substituír o material proposto e presentar unha das súas últimas composicións: *and add to the neon elk a pinch of tarragon*, a partir da idea da alteración orgánica que dun material sonoro de partida (definido por un orgánico de fruta de pico e guitarra) pode realizarse por medio da manipulación técnica, a interacción corporal, cun contrapunto visual de luz e movemento.

Pablo Coello

*Presentación en España / **Estrea absoluta. Encarga de Vertixe Sonora

AS OBRAS

and add to the neon elk a pinch of tarragon

“Un condimento moi común. Unha gran concentración é observada no sol e noutras quentes estrelas. Para beber, o alce ten que entrar en augas profundas ou de xeonllos sobre as súas patas dianteiras. Probado en todas partes. Cómesese ben no feo ou no ensilado: as luces de neon non xogan ningún papel biolóxico.

A acción ten lugar no baleiro Cafe Müller, onde a xente incrementa a súa soidade, contando historias bailando. Son e silencio —ao seu pai gustaríalle a idea—, pero el propuxo *neon* como título”.

Marina Poleukhina

Let the music go down

“Nesta peza exploro as posibilidades de integración entre forma e contido e viceversa; non hai distinción entre a construción dos obxectos sonoros e a forma completa da peza. Cada momento podería ser visto como un aspecto diferente dun mesmo obxecto; *Let the music go down* é unha escultura sonora desenvolvida no tempo”.

Zesse Seglias

pedra.debris

“Esta peza é unha translación do proceso creativo dun escultor: un so obxecto tratado con diferentes ciceis até lograr a escultura final. O proceso de deconstrución esténdese até o punto no que o obxecto inicial desaparece nunha masa de cascallos”.

Hannes Kerschbaumer

Bajo el suelo

“*Bajo el suelo* é unha especie de fantasía sobre as sonoridades escuras e profundas. Unha das imaxes á que alude a peza é a figura solitaria dunha estraña criatura que habita no sumidoiro dunha megalópole do terceiro mundo, allea ás calamidades da superficie, agás polo retumbar continuo dunhas poucas baixas frecuencias...”

Martin Herraiz

OS COMPOSITORES

Marina Poleukhina. Rusia, 1989

Estudou na Escola de Música Borodin e posteriormente no Conservatorio Rimskij-Korsakov de St. Petesburgo cos profesores N. Broverman (piano) e S. Lavrova (composición). En 2011 continúa a súa formación no Conservatorio Tchaikovsky de Moscova na clase do profesor Vladimir Tarnopolskij.

Participou nos Cursos de Verán de Darmstadt (2010) coa peza *Module of Memory. Folder #1* xunto aos compositores G. Apeerghis e B. Ferneyhough, e na Academia Impuls (2011) coa peza Q. Nesta ocasión traballou cos compositores B. Furrer, P. Billone e G.F. Hass.

Foi seleccionada no 2011 pola Academia Tchaikovsky da nova música xunto a outros doce compositores, e estudou con P. Billone e F. Bedrossian. No 2012 recibe a encarga do Festival Platforma

de Moscova dunha obra para intérpretes, danza, luz e música, que levará o título *and add to the neon elk a pinch of tarragon*.

A súa música foi interpretada nos festivais *Another Space, Fin de siècle, From Avant-Garde to Nowadays, Sound Ways, Transcriptions of Our Time*, polos ensembles MCME (Moscova), Nostri Temporis e NoName.

Desde 2011 dedícase á improvisación. En 2012 crea o *ensemble [t]* a Kirill Shirokov e grava o CD *Puinen Neon Iktu* cos compositores e improvisadores Alexej Sysojev e Alexander Chernyshkov, co que tamén crea no 2013 o *ensemble O I O*. A súa música é publicada polo selo Pan y Rosas.

Zesses Seglias. Grecia, 1984

Realizou estudos de Composición e Music Theatre con M. Lapidakis na Universidade Aristotle (Tesalónica, Grecia, 2002-2008), con B. Furrer na University for Music and Performing Arts (Graz, Austria, 2009-2011) e no 2012 con D. Papageorgiou.

Foi seleccionado como participante activo para as *masterclasses* do Centro Acanthes (2011), da Academia Tchaikovsky (2012) e participou na Academia de Verán de Darmstadt (2010), Academia Impuls (2011, 2013), e tivo como profesores a G. Apeerghis, P. Billone, G. F. Haas, C. Czernowin, . Andre, M. Stroppa, Ph. Hurel, K. Lang e P. Ablinger, entre outros.

A súa música foi interpretada en diferentes *workshops* e festivais como *Time of Music* (Finlandia), *Forum Wallis* (Suíza), por *ensembles* e intérpretes como D. Michel-Dansac, P.-S. Meugé, Er. Theodorakis, MCME (Rusia), o Helsinki Chamber Choir (Finlandia), o DissonArt Ensemble (Grecia), UMS ‘n’ JIP (Suíza) ou o Ensemble Cairn (Francia).

En 2012 a súa peza [-] para coro gañou o 1.º premio do International Einojuhani Rautavaara Chamber Choir Composition Workshop and Competition 2012. Nese mesmo ano foi preeminado para o Impuls Competition. Logo de participar no Impuls Academy 2013, foi premiado co Ernst Composition prize, cunha residencia na Ernst Krenek Institute e unha encomenda para Klangforum Wien.

Todos os seus estudos foron financiados por fundacións gregas, como a State Scholarships Foundation (IKY), Fundación Onassis e a Greek Composers Union. Os seus próximos proxectos inclúen unha encomenda do Helsinki Chamber Choir e a interpretación da súa última peza escénica *hystéra* en Graz (Austria), baixo a dirección de Beat Furrer. Algunhas das súas composicións son publicadas por BabelScores.

Hannes Kerschbaumer. Italia, 1981

Estudou composición con Gerd Kühr, Pierluigi Billone, Beat Furrer e Georg Friedrich Haas. A súa música foi interpretada en festivais como o Musikprotokoll (Graz, Austria), Internationale Ferienkurse Darmstadt,